

NA PROCURA DAS ORIXES VIAXE AO CORAZÓN DE NOALLA

Por: Fátima Rey

Os humanos sempre imos na procura de respostas. Para saber cara onde camiñamos precisamos entender de onde vimos. Quizais fose por iso que, aquela mañá, en troques de coller o camiño máis curto, decidín, coma tantas veces, facer a baixada que che amosa a Lanzada dende o alto. Esa imaxe está marcada no meu ollar: ese mar aberto chamando ao fondo, marmurándome que alí, aos seus pés, nacín un bo día, xa antes de nacer...

Dando un rodeo, cheguei ao lugar no que me agardaba o mellor equipo posible para guiarme na procura de respostas. Eramos seis. A sétima persoa, a que pechaba o círculo, non estaba alí, pero fora quen argallara esa visita máxica: Fernando.

Dende a Igrexa de Noalla comezamos o camiño. Por sendas e carreiros inda húmidos polas choivas da noite, chegamos á primeira parada. Pero, onde estaba? Un regato, malas herbas e... un oco entre a maleza. Por alí iamos entrar? Era aquela a entrada á mina de Noalla?


Dei en cavilar que era dun simbolismo puro ter que comezar a viaxe entrando nas entrañas da terra, coma en Exipto facían os faraóns nas pirámides ou en terras indíxenas os chamáns en covas profundas para unha viaxe iniciática que moitos dan en chamar A Noite do Guerreiro. Entrás no máis profundo da terra e, ao mesmo tempo, no máis profundo de ti mesmo, para, tempo despois, saír novamente do útero de Gaia, renovado logo de loitar contra os teus peores medos e demos internos: O Renacer.

Pois se había que entrar para achar respostas, entraríamos.

O lugar era estreito e húmido. A guía foinos adentrando pola galería principal e, pasada a anguria inicial de quedar atrapados nun sitio angosto e descoñecido, fomos sabendo o lugar dos lucernarios, onde os antigos romanos que construíran aquela mina colgaban as lámpadas de aceite para alumearse nas súas xornadas de traballo baixo terra. Aos lados da galería principal íanse abrindo outras, nalgúns casos inaccesibles.

Logo dun tempo que parecía ter desaparecido, chegamos a un lugar no que puídemos poñernos de pé completamente, pero por quendas, dadas as súas medidas. Alí esperaron os morcegos, que decidiron dende ese intre acompañarnos case ata o final da expedición na mina de auga. Ras, arañas, caliveras de animais que foran morrer na escuridade da cova... E seguir camiñando ata o final. Ata o inicio. E unha vez alí... Sen saída. Un derrubamento de terra non permitía continuar. Polo tanto había que voltar. Voltar a saír ao exterior. Volver ao mundo coñecido.

Ese intre, ao final da comitiva, aseméllouseme coma a sala de espera das almas que debe haber no alén: cada quen agardando a súa quenda para saír á luz. A guía e máis eu



Minas de auga romanas. Noalla



Galería inaccesible das minas de auga

demorámonos no interior, mentras os demais agardaban xa fóra e chamaban por nós, coma agardan as familias o alumemento dun novo membro do clan.

E saímos á fin. Respirei. Aire limpo. Esa era a primeira sensación que tiñamos ao nacer, e volver a vivila, tocou certas cordas no meu interior... Quemáis nos agardaba naquela mañá fóra do tempo?

Desfacendo o noso camiñar, dirixímonos á seguinte parada: O Cruceiro do Monte Faro. Un cruceiro diferente aos demais, con caliveras gravadas e unha forma atípica, pero coa mesma relación coa Santa Compañía que todos os seus



Cruceiro Monte Faro

irmáns repartidos pola xeografía galaica. A Santa Compañía... “acabamos de renacer e xa voltamos a toparnos coa Morte?”, pensei. Pero á fin e ao cabo, que é a vida senón unha viaxe imparabile cara á Nada. Entón, por que os humanos precisamos deixar as nosas pegadas aquí, coma aquel monumento de pedra, inda rodeado de ofrendas, de flores secas e velóns consumidos, pedindo por vivos e mortos? Atoparía algunha resposta a tantas dúbidas naquela mañá de outono?

Fronte á cruz, a nosa guía cóntanos a lenda do Rito dos Padriños da Ponte de Portonovo, xa inexistente: os futuros pais, coa muller xa en estado de gracia, acoden á ponte e, silandeiros, agardan ás doce da noite para que o primeiro cristián que tente cruzar o río Fabaíños se ofrezca

a ser padriño da criatura por nacer. Bautízase o neno inda no ventre da nai, para que saia con ben e chegue á vida. No caso de que cruce a ponte calquera animal, haberá que voltar a repetir o ritual outra noite, porque é mal agoiro... Eu era ben coñecedora do Rito dos Padriños que tamén, coma noutras contornas, é tradición na próxima Pontearnelas, posto que meu pai foi bautizado por este antergo rito de fertilidade na Ponte dos Albertes.

Ritos de fertilidade ancestrais sobre dos ríos, entre as ondas da próxima capela da Lanzada... aquelas terras noallesas parecían ser, ante todo, un canto á vida. Pero eu inda non comprendía os versos desa cantiga que tentaba abrirse paso dende a noite dos tempos.

Continuamos a viaxe matinal. Chegamos ata os pés da Mámca de Piai, soamente coñecedores da súa presenza polas indicacións da nosa guía e dunha pequena elevación do terreo, posto que a maleza quixera soterrar a súa memoria. Unha tumba de miles de anos aos nosos pés. Quizáis os homes e mulleres que habitaran aquelas terras tanto tempo atrás tamén quixeron lembrarnos que só estamos de paso, que deixemos a fachenda e as distraccións nunha marxe do sendeiro e vivamos, centrándonos no realmente importante: manter a primeira respiración, repetila unha e outra vez, o máximo tempo posible antes de que a maleza tentara soterrar a nosa propia memoria. Ou quizais inda ía demasiada friaxe para poder pensar con claridade...

Desprazámonos ata o seguinte descubrimento: as tumbas antropomorfas do Igrexario de Vilalonga. Tumbas a ceo aberto? A teoría do arqueólogo Vincent Jenkins para este tipo de construción funeraria é que nas civilizacións antigas se deixaba aos mortos sen soterrar para que as aves as deixasen nos ósos o máis pronto posible e, deste xeito, permitir ás almas voar máis rápido cara ao máis alá, xa sen o peso do corpo. Os ósos eran soterrados noutros lugares ou incinerados. Sería así certamente?...



Tumba antropomorfa. Igrexario de Vilalonga

Algún compañeiro de expedición proba a meterse dentro do oco na pedra. E volta a imaxe exipcia e o rito de pasar unha noite nunha tumba de pedra aberta no corazón da pirámide para renacer. O eterno ciclo repetido nun xogo de espellos infinito... Agora si, estaba certa, precisaba tirar alguna conclusión clara cando rematase a mañá.

A pesares dos meus pensamentos existenciais, as risas e as anécdotas ían sucedéndose e o ambiente no grupo era inmejorable. A temperatura comezaba a ser agradable e o contacto coa natureza reparador. E chegou o momento de visitar as pedras de lenda da zona. Estaba claro que, se algo é imperturbable na nosa especie é xustamente o gusto polas historias e o misterio, a inquedanza pola maxia e por soñar espertos en cada recuncho do camiño.

Así chegamos ao imponente Con da Romaiña. Ergueito no medio do campo, querendo contar a súa lenda. A lenda de Manoliño Currutaco, un paraugueiro valente que se achegou unha noite de lúa chea ao lugar atraído pola historia de que a pedra se abriría e alí dentro atoparía un tesouro. E si, a pedra abriuse e unha moura das miles que ateigan os nosos montes e ríos amosoulle o tesouro, que sería seu se a desencantaba. Cando Manoliño quixo coller o tesouro, a moura converteuse en serpe e impediulle o paso. Manoliño loitou con ela ata estrangulala. Colleu folgos, fixose co tesouro e foi cara á saída. Pero a pedra pechouse con Manoliño dentro e nunca máis se soubo del.



Tumba antropomorfa



Con da Romaiña

Mellor fin tivo a protagonista do Con da Ventureira, que foi o seguinte emprazamento a visitar. A lenda do Con da Ventureira conta como unha rapaza que baixaba de coller leña ou que estaba gardando as ovellas, viu unha moura enriba do penedo, peiteándose cun peite de ouro. A moura baixou ao carón da rapaza a secarlle a suor coa súa man dereita. Logo de facelo, bicoulle a fronte e levouna ao seu pazo debaixo da pedra.

COLABORA:



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

Pasaron os anos e a rapaza non aparecía, ata que un bo día, coma se non houberse transcorrido o tempo, a moza entrou na aldea, semellando ter a mesma idade, cuberta de aneis e colares, de cartos e mesmo de pedras nunca vistas nin coñecidas. Foi unha visita fugaz, posto que cando saíu da aldea ninguén voltou vela xamais.

Houbo quen, ao ver as riquezas acadadas pola rapaza, presos da avaricia, tentaron buscar no Con da Ventureira á moura. A maioría non o conseguiron, outros non voltaron a aparecer. . .

Lugar encantado onde os haxa, que ata hai uns anos se enchía do rebulir dos veciños celebrando aos seus pés o Luns da Pascua.

O penedo tamén é chamado Con da Costa, pois era visible dende o mar e tómasse como referencia para os mariñeiros. Un faro de pedra? Unha guía que non precisaba alumear para marcar o camiño?

E xustamente a nosa guía nos lembrou que se facía tarde e que, inda que para nós o tempo tivese desaparecido dende o comezo da expedición, o reloxo sinalaba que se achegaba a hora de comer. Non sen antes facer a derradeira parada, unha das máis ansiadas: A Pedra Cabalaria. . .

Na veciña parroquia de Lores agardábanos unha pedra oscilante ou adiviñatoria. Usada dende tempos antigos para predicir o futuro ou incluso para xulgar certos casos non resoltos. As pedras cabalarias oscilan cando a resposta á pregunta é afirmativa e quedan inmóbiles no caso contrario. Se é un posible culpable o que move a pedra, este queda libre de toda culpa ao moverse o con e é condenado se non atina a facelo oscilar. Tamén se atribúen a estas pedras propiedades relacionadas coa fertilidade feminina, e din que se unha muller que non pode ter fillos consegue abaneala, volverase fértil novamente.

O grupo foi pasando a abanear a pedra, a facer as súas preguntas e entre risas e ocorrencias chegou a hora de sentarse á mesa da Nova Ponte e facer balance do vivido entre as delicias gastronómicas propias da terriña e a boa compañía.

Brindes, anécdotas, gargalladas, pensamentos e debates compartidos... Ollei ao grupo. Sentados, sorrintes e cheos de vida, de proxectos



Con da Ventureira



Pedra Cabalaria. Lores

e de promesas de futuras incursións a través das pegadas da historia e das marabillas desta natureza nosa tan xenerosa en cores e relevos. Entón, que conclusión tiraba daquela experiencia? Topara algunha resposta ás miñas dúbidas? Ecos marmurios das ondas de Major ao fondo, lembrei unha cita de Rabindranath Tagore: “Coma un mar, arredor da soleada illa da vida, a morte canta noite e día a súa cantiga sen fin”... E engadín para os meus adentros: “Pero se somos capaces de escoitar a cantiga significa que inda estamos vivos”. E deixei o meu corazón danzar aquela melodía na compañía daquel novo clan que acababa de nacer de entre a auga e as pedras dunha Noalla máxica e eterna.